

ACABAR COA
VIOLENCIA
SEXUAL

IMPLICAD^{OS}
CONTRA A
VIOLENCIA
SEXUAL

NON É
POSIBLE
SEN VÓS



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



QUE É A VIOLENCIA SEXUAL?

A violencia sexual é a expresión dunha relación de poder que se exerce sobre o corpo da muller.

É unha forma de violencia de xénero.

É un delito.

Non protexas, desculpes nin xustifiques ao(s) delincuente(s).

O **Centro de información ás Mulleres (CIM)** atende, entre outras formas de violencia de xénero, as seguintes:

- Violencia psicolóxica.
- Violencia física.
- Violencia sexual.
- Acoso sexual e por razón de sexo.
- Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.

En todos os casos: atención gratuita, confidencial e, con carácter xeral, previa cita.

Datos de contacto:

Barrío das Flores - Rúa Hortensias, 11. 15008 A Coruña.
T. 981 184 356 / 010 - cim@coruna.es

SER MULLER é un factor de risco para sufrir unha agresión sexual .

Como home:

- Evita actitudes e condutas machistas interiorizando valores de igualdade e cuestiona o modelo de sexualidade tradicional (NIN os homes teñen un instinto sexual irrefrenable NIN as mulleres deben porlle freno constantemente).
- Non trates a unha muller como un “obxecto sexual pasivo deshumanizado” manifestando un poder abusivo e de sometemento.

NINGUNHA MULLER merece sufrir unha agresión sexual.

Como home:

- Non banalices e NON participes desta violencia (chistes, burlas, insultos, comentarios despectivos, humillantes ou que violenten a unha muller....).
- Respecta os sentimentos, emocións e a liberdade da muller.

NADA XUSTIFICA unha agresión sexual a unha muller (nin a roupa que viste, nin o estado físico e mental tras consumir substancias tóxicas, nin a hora á que volva á casa, nin pasear soa....).

Como home:

- Non prexulgues a disposición sexual da muller.
- Asegúrate de que calquera tipo de contacto físico é ben recibido.
- Acosar e forzar a unha muller non é unha “táctica para ligar” que agrada ás mulleres.

A CULPABILIDADE NUNHA AGRESIÓN corresponde tanto ao home que agride como á contorna que o protexe, disculpa ou xustifica.

Como home:

- Defende SEMPRE esta postura co teu grupo de iguais.
- Non cuestionas á muller e mostra o teu apoio.

AS MULLERES TEÑEN DEREITO A DECIDIR cando e como desexan manter relacións sexuais, así como a cambiar de opinión.

As relacións sexuais deben ser consensuadas.

Porque vivimos nunha SOCIEDADE MACHISTA, as mulleres vense obrigadas a andar con ollo:

- Cando camiñan soas por unha rúa baleira.
- Cando se relacionan cun home descoñecido.
- Cando lles ofrecen unha bebida ou tabaco sen controlar a súa procedencia.
- Cando utilizan internet, redes sociais e páxinas de contacto.

A VIOLENCIA SEXUAL provoca nas mulleres

- Sensacións de medo, culpa, inseguridade, desconfianza, vergoña, NOXO.
- Consecuencias na súa saúde mental tales como insomnio, pesadelos, illamento, depresión, ansiedade, trastorno por estrés postraumático, trastorno da conduta alimentaria (anorexia, bulimia).

Cando os homes e as mulleres **COMPARTEN** os seus desexos afectivo-sexuais e os alicerzan nun **CONSENTIMENTO MUTUO** acádase:

- Unha sociedade máis xusta.
- Unha maneira de relacionarse sa e igualitaria.